



INFORMACIÓN ADICIONAL DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA PARTICIPANTES DOS PREMIOS MARÍA LUZ MORALES DE ENSAIO E VIDEOENSAIO SOBRE O AUDIOVISUAL

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018.

Responsable do tratamento:

ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

NIF: G15844145

Enderezo: Centro Ágora. Lugar Da Gramela 17, 15010 A Coruña

Teléfono: 981227701

Correo electrónico: gerencia@academiagalegadoaudiovisual.gal

Finalidade e lexitimación do tratamento e dos prazos de conservación:

A finalidade do tratamento dos seus datos é a participación nos PREMIOS MARIA LUZ MORALES DE ENSAIO E VIDEOENSAIO SOBRE O AUDIOVISUAL, podemos tratar os seus datos porque nos tes proporcionado o teu consentimento e os mesmos conservaranse durante un prazo de cinco anos.

Ademais, no caso de que vostede resulte premiado/a, os seus datos trataranse para as seguintes finalidades:

a) Xestión contable.

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal establecida pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e serán gardados durante o prazo de cinco anos.

d) Xestión fiscal.

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal establecida pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e serán gardados durante o prazo establecido na devandita norma e demais lexislación aplicable.

c) Promoción da actividade da ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL.

Trataremos os seus datos para esta finalidade en base ao interese lexítimo do responsable do tratamento, consistente en dar publicidade ao resultado dos premios e na promoción e difusión do sector audiovisual galego e os seus datos serán gardados aa que se solicite a súa supresión por parte da persoa interesada.

Destinatarios de datos:

Non se comunicarán datos a terceiros salvo que vostede resulte premiada ou premiado; nese caso cederanse os datos ao público en xeral, medios de comunicación e redes sociais.

Transferencia de datos a terceiros países:

Non se van a producir transferencias internacionais de datos.

Dereitos da persoa interesada:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se foron comunicados ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan precisos para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis alá da mera conservación dos mesmos.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitirlos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

Exercicio dos dereitos:

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito achegando fotocopia do seu documento identificativo, e dirixila ao enderezo citado con anterioridade. Así mesmo, poñemos á súa disposición modelos para o seu exercicio, que poden recollerse nas nosas instalacións ou ser obtidos no seguinte enderezo gerencia@academiagalegadoaudiovisual.gal. Para máis información: www.agpd.es.

Dereito de reclamación ante a Autoridade de Control:

No caso de que no se respetaran os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Agencia Española de Protección de Datos na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou empregar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es//>. En ámbolos casos, deberá acompañar a documentación pertinente.